

## **SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á CONFRARÍA DE PESCADORES “SAN TELMO” DE PORTO DO SON, FINANCIADA POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO DE PESCA E ACUICULTURA (FEMPA), PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO:**

### ***“MELLORA E REFORZO DA XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES “SAN TELMO” DE PORTO DO SON (2024-2025)”***

Estas axudas foron convocadas pola Consellería do Mar a través da Orde do 2 de outubro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (DOG Nº 192, 04/10/2024).

A Confraría de Pescadores “San Telmo” de Porto do Son solicitou esta axuda para a realización do Proxecto citado con anterioridade e o cal ten como obxectivos os seguintes:

#### Obxectivo principal

Fomentar unha pesca sustentable e contribuír á recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos a través do reforzo das actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, para garantir una explotación responsable, equilibrada e sostible, que permita una viabilidade duradeira do sector pesqueiro e marisqueiro, así como a mellora das condicións de vida e traballo dos socios da Confraría que se dedican a esta actividade e que contribúan á conservación do medio mariño e as súas especies.

#### Obxectivos específicos

- Contratación de dous Gardapescas Marítimos para a vixilancia e control do acceso aos recursos mariños.
- Contratación dunha Asistencia Técnica para a xestión, seguimento e control dos recursos mariños.